Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MBMCX

MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA

FORMATO PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE MASTER (TFM)

(Segundo acordo da Comisión Académica do Máster en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética de data 12-2-2010)

1. TIPO DE DOCUMENTO

A memoria do TFM presentarase en SIGMA nun único documento PDF (anexos incluídos, se os houbese). Devandito documento deberá ser exactamente o mesmo que se envíe por correo electrónico a todos os membros do tribunal e á coordinación do máster (coordinacion.master.bmcx@udc.gal). É importante lembrar que existen uns prazos oficiais de envío da memoria de TFM aprobados pola CAM en cada curso académico e que é responsabilidade do/da estudante cumprir.

2. NOMBRE DO DOCUMENTO

O nome do PDF debe conter os apelidos e nome do/da estudante, a referencia ao tipo de documento, e o curso. Non deixar nunca ocos, utilizar barra baixa como separador, e evitar acentos.

Exemplo:

GonzalezPerez_EvaMaria_TFM_MBMCG_26-27 *(o curso que corresponda)*

3. PORTADA

Débese utilizar o **Modelo de portada do máster**. Na portada do TFM deberá figurar:

- Título do traballo nos tres idiomas (español, galego e inglés)[1]
- Nome e apelidos do estudante
- Nome e apelidos do/da director/a (e codirector/a, se procede)
- Nome e apelidos do/do titor/a académico/a (se procede)
- Data de presentación

Poden incluírse as firmas dos/as directores/as (pero non é obrigatorio). Se o documento se asina dixitalmente, e o/a estudante vai autorizar a súa publicación no **RUC** (Repositorio Institucional da UDC) é importante lembrar que:

a) o documento non deberá mostrar ningún DNI
b) deberán incluírse os metadatos no PDF/PDF antes de ser asinado dixitalmente

[1] O idioma do primeiro título debe coincidir co idioma empregado para redacción xeral do texto.

4. ESTILO XENERAL

Extensión e organización do traballo:

A extensión máxima do traballo non poderá superar as 40 caras en tamaño A4.

A memoria debe conter unha folla cun breve resumo e unha lista de palabras chave en español, galego e inglés que se colocará antes da introdución, un índice ou índices, e unha lista de abreviaturas, que non computarán na extensión total permitida.

Debe existir un certo equilibrio de extensión entre as distintas partes do traballo, que se organizará de acordo aos criterios xerais: Introdución, obxectivos, materiais e métodos, resultados-discusión, conclusións e bibliografía. Todos estes apartados deben ter unha medida proporcionada á extensión total do traballo. Cando non sexa posible presentar resultados experimentais, devandito apartado suplirase cun comentario crítico sobre a metodoloxía empregada, un deseño experimental ou unha revisión comparativa segundo o criterio da persoa directora.

Tipografía: O tipo de letra poderá ser Times New Roman ou Calibri de 12 puntos, ou Arial de 11 puntos.

Entreliñado: 1.5 liñas.

Marxes: 2.5 cm en todas as marxes.

Bibliografía:

Non existe un formato predeterminado para a bibliografía, pero o modelo que se utilice debe proporcionar información suficiente para identificar a fonte orixinal e ser consistente e uniforme ao longo de todo o traballo.

5. ESTRUTURA DA MEMORIA:

- ***Modalidade Experimental.***

Organizarase de acordo aos criterios xerais: Introdución, obxectivos, materiais e métodos, resultados-discusión, conclusións e bibliografía.

- ***Modalidade de Proxecto de Investigación*** (modalidade para casos excepcionais, autorizados pola Comisión Académica do Máster).

O proxecto ou deseño experimental articularase nos seguintes apartados:

1. Resumo estruturado

Incluír os obxectivos do proxecto de xeito breve e a metodoloxía utilizada para o seu desenvolvemento. O resumo estará dispoñible en español, galego e inglés.

2. Antecedentes e o estado actual da cuestión

Presentar, de forma concisa o estado actual dos coñecementos, incluíndo referencias bibliográficas relevantes.

3. Hipótese

Formular de xeito claro e preciso a hipótese que persegue validar co proxecto.

4. Obxectivos

Obxectivos concretos que se propoñen, perfilando os obxectivos xenerais e/o específicos.

5. Metodoloxía

Deseño experimental seleccionado, a mostra do estudo, técnicas aparellos e métodos para a recollida e análise de datos e as limitacións que se poderían prever.

6. Plan de Traballo

Establecer graficamente o desenvolvemento do traballo en escalas programadas que indican os a distribución da realización das tarefas ao longo do proxecto.

7. Cuestións éticas

Indicar as esixencias éticas relacionadas co alcance do proxecto (consentimento informado, etc.). Identificar e asegurar o cumprimento dos principios éticos e as normas legais relativas á investigación.

8. Aplicabilidade

Describir as principais aplicacións prácticas derivadas da consecución dos obxectivos do proxecto.

9. Plan para a difusión dos resultados

Indicar as conferencias e revistas (e mostrar o seu factor de impacto) na que se darán a coñecer os resultados da investigación.

10. Recursos necesarios

10a. A infraestrutura necesaria en aparellos e servizos.

10b. Funxibles necesarios (con estimación aproximada do seu custo).

11. Bibliografía

11a. Bibliografía citada no proxecto.

11b. Outra bibliografía consultada para elaborar o proxecto.

6. INFORMACIÓN ADICIONAL:

Tempo de exposición na defensa

O tempo de exposición do traballo por parte do alumno será de 10 minutos, seguido dunha quenda de preguntas cuxa duración máxima será a criterio do tribunal.

Avaliación

Convén que o/a estudante consulte as rúbricas de avaliación dispoñibles na web do máster para ter en conta aspectos que se consideran relevantes na elaboración e defensa do TFM.